

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 3 DE XUÑO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día tres de Xuño de mil novecentos noventa e seis; ás dúas e cinco minutos da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño, e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 27 de Maio.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.-

Non houbo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecementos dos seguintes:

Da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, concedendo subvención para obras da Casa do Concello, por importe de 10.000.000 pesetas, con cargos ós Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1996 e comprometer con cargo ós Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

para 1997 e 1998, outras subvencións, por importes de 20.000.000 pesetas e 45.000.000 pesetas, respectivamente, para o mesmo fin.- A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acepta-la devandita subvencións así coma os restantes compromisos.

Do Goberno Civil, comunicando resolución do expediente nº 83/96.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura correspondente ó mes de Maio presentada polo Sr. Asesor Urbanístico do Concello de acordo co convenio de colaboración entre este Concello e o Colexio Oficial de Arquitecto de Galicia (Delegación de Ourense), por importe de 105.600 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura relativa ó quilometraxe presentada por Don José Manuel Deaño Carballal, correspondente ó mes de Abril, por importe de 16.056 pesetas.

Coñecido o "Acordo marco para o desenrolo de actuacións en materia de aforro e eficiencia enerxéticos nos Concellos de Galicia", subscrito entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e Unión Eléctrica Fenosa S.A., considerando que é de interese para este Concello de Ribadavia, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda adherirse expresamente ó mesmo.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á factura presentada por Autos González, por servicios prestados ó Fútbol Club Francelos, de data 30 de Abril pasado, por importe de 300.000 pesetas, ós efectos de que se remita á Excma. Deputación de Ourense para o seu aboamento.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á factura presentada pola Imprenta "El Ribadaviense", por traballos edición de impresos para a Coordinadora da Festa da Istoría, de data 27 de Maio pasado, por importe de 435.870 pesetas, ós efectos de que se remita á Excma. Deputación de Ourense, para o seu aboamento.

A fin de salvar un erro involuntario detectado no acordo acadado por este mesmo Organo na sesión ordinaria do pasado día 27 de Maio, a Comisión Municipal de Goberno, acorda rectificalo

mesmo, pois onde figuraba a cantidade de 2.930.243 pesetas debía figurar 2.180.027 pesetas, quedando agora do seguinte xeito: " A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la certificación final da obra do Plano de axudas ós Concellos para infravivenda rural de 1994, denominada "Reconstrucción de Infravivenda de Dona Concepción Rivera Alvarez sita na Rotea, 35, do lugar de San Cristovo, expedida polo Director da mesma, o Sr. Asesor Urbanístico do Concello, Don Javier Suances Matías, sendo contratista da mesma a Empresa Finsobra S.L., por importe total de 2.180.027 pesetas. Así mesmo, esta Comisión acorda que se remita a correspondente certificación ó Instituto Galego da Vivenda e Solo".

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda acollerse á Resolución do Instituto Galego de Consumo do 16 de Abril de 1996 pola que se convoca e regula a concesión de subvencións a corporacións locais para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario para o ano 1996, solicitando subvención por importe de 1.800.000 pesetas como axuda a unhas actividades de custo de 3.028.571 pesetas, segundo a memoria que se acha no expediente.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó Convenio de colaboración entre as entidades "Asociación de Consumidores e Usuarios do Ribeiro e mailo Concello de Ribadavia, para describi-las actividades programadas conxuntamente para 1996.

Aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 29 de Maio de 1996 as Bases e Convocatoria Pública para provisión de postos de traballo de carácter temporal para desenvolver servizos de tempada para os postos de Peón-Atención Piscina e Peón de Limpeza, e unha vez transcurrido o prazo para a presentación de proposicións, a Comisión Municipal de Goberno examinando todas e cada unha delas así como tamén a documentación que se achega ás mesmas, acordou por unanimidade, formular proposta de resolución da presente convocatoria, propoñendo que se designe como Peón para Atención Piscina a Don Luís Manuel Rodríguez Gómez e como Peón de Limpeza a Don Ramón Antonio March Gómez.

E sendo as dúas e media da tarde, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.